

## ACTA DE CONSTITUCIÓN DO CONCELLO

17/06/2023

### ASISTENTES:

#### CONCELLEIROS ELECTOS/AS

##### PSOE

Juan Manuel Saborido Rama.

María Mercedes Noceda Gómez.

Juan Manuel Pérez Lado.

Sandra Fernández Siaba.

José Manuel González Rey.

Joaquín Rey Caamaño

##### BNG

Ramón Noceda Caamaño, BNG

María Belén Campos Díaz, BNG

Iván Franco Caamaño, BNG

##### PP

Agustín Manuel González Dosil.

José Elisardo García Lago.

### SECRETARIO:

José Luis Veiga Sierra

Na Sala de sesións do Concello de Carnota, ás once horas do día dezasete de xuño de dous mil vinte e tres, en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e para o efecto de levar a cabo a constitución do novo Concello de Carnota, despois de ver os resultados das eleccións do día 28 de maio de 2023, para a renovación da totalidade dos membros das corporacións locais, reúnen os Sres./as. Concelleiros e Concelleiras enumerados/as á marxe, asistidos/as polo secretario, que dá fe deste acto. Está a disposición dos asistentes a documentación referente a existencias económicas e patrimoniais, sinaladas na lexislación vixente. Comprobada a existencia do quórum da maioría absoluta requirida pola LO 5/1985 e o cumprimento dos demais requisitos formais legalmente esixidos para a válida celebración do acto, dispónse o comezo da sesión, conforme ao programa de actuacións legalmente establecidas.

### ÚNICO.- CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL

## **FORMACIÓN DA MESA DE IDADE**

A continuación, declarada aberta a sesión e, de acordo ao disposto no artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, procédese a constituír a mesa de idade.

Para isto, o secretario chama a cada concelleiro electo para que acrediten a súa personalidade.

A mesa de idade queda integrada por D. Ramón Noceda Caamaño, concelleiro electo de maior idade, que a preside, e por D<sup>a</sup> Sandra Fernández Siaba, concelleira electa de menor idade.

## **COMPROBACIÓNS PREVIAS Á CONSTITUCIÓN DO CONCELLO**

No expediente da sesión queda constancia de que se tomaron as medidas precisas segundo o disposto no artigo 36.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, quedando a disposición dos concelleiros e concelleiras electos/as a documentación referente aos xustificantes das existencias en metálico e valores propios da corporación depositados na caixa municipal e noutras entidades bancarias, e tamén a documentación relativa ao balance inventario de bens da corporación.

Despois, a mesa de idade procede a comprobar todas as credenciais acreditativas da personalidade dos concelleiros electos que lle foron entregadas.

Compróbase, a continuación, que todos os concelleiros electos formularon as declaracións referidas no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local.

Tendo en conta que se cumpre a esixencia do artigo 195.4 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e do artigo 37.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e que concorre a esta sesión a maioría absoluta de concelleiros electos, procédese ao cumprimento do requisito legal previsto no artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, de prestar xuramento ou promesa.

## **ACTO DE XURAMENTO OU PROMESA**

De acordo ao artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, referido á toma de posesión dos concelleiros electos, procédese a nomear a todos/as os/as señores/as concelleiros/as electos para efectos de prestación do xuramento ou promesa.

O xuramento ou promesa realízase utilizando a fórmula prevista no Real decreto 707/1979, do 5 de abril, regulador da fórmula para a toma de posesión de cargos e funcións públicas: «Xuro (ou prometo), pola miña conciencia e a miña honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de

concelleiro/a do Concello de Carnota, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado».

A continuación, o secretario da corporación nomea a cada un dos concelleiros electos e le persoalmente a fórmula a cada un deles, que se manifestan da seguinte maneira:

COCELLEIRO/A	PARTIDO	XURA/ PROMETE
JUAN MANUEL SABORIDO RAMA	PSOE	PROMETE
MARÍA MERCEDES NOCEDA GÓMEZ	PSOE	PROMETE
JUAN MANUEL PÉREZ LADO	PSOE	PROMETE
SANDRA FERNÁNDEZ SIABA	PSOE	PROMETE
JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ REY	PSOE	PROMETE
JOAQUÍN REY CAAMAÑO	POSE	PROMETE
RAMÓN NOCEDA CAAMAÑO	BNG	PROMETE P.I.L
MARÍA BELÉN CAMPOS DÍAZ	BNG	PROMETE P.I.L
IVÁN FRANCO CAAMAÑO	BNG	PROMETEP.I. L
AGUSTÍN MANUEL GONZÁLEZ DOSIL	PP	PROMETE
JOSÉ ELISARDO GARCÍA LAGO	PP	PROMETE

\*Nota. P.I.L. "Por imperativo legal"

Xa que se deu cumprimento ao disposto no artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, o presidente da mesa declara constituído o Concello de Carnota despois das eleccións municipais do día 28 de maio de 2023.

## ELECCIÓN DO ALCALDE

Posteriormente, procedendo segundo o disposto no artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, procedese á elección do alcalde-presidente da corporación.

### a) Proclamación de candidatos á alcaldía

Despois disto, os concelleiros que encabezan as listas do BNG e do PP proceden a retirar a súa candidatura, mantendo a súa candidatura o concelleiro do PSOE, de tal xeito:

Mantén a súa candidatura:

— D. Juan Manuel Saborido Rama (PSOE).

Retiran a súa candidatura:

— D. Ramón Noceda Caamaño (retíranse).

— D. Agustín Manuel González Dosil (retíranse).

Procédese logo a proclamar ao candidato á alcaldía do concello.

## **b) Elección do sistema de votación**

Despois da proclamación do candidato, procédese a realizar a votación de forma ordinaria (artigo 101 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro) para elixir o alcalde, tras ser consultados todos os concelleiros sobre a posibilidade de realizar a votación secreta ou nominal.

### **VOTOS ACADADOS POLO CANDIDATO:**

- D. Juan Manuel Saborido Rama, candidato do PSOE, núm. de votos 6.

Os cinco concelleiros restantes manifestaron a súa abstención.

En consecuencia e á vista do resultado da votación, ao obter o candidato D. Juan Manuel Saborido Rama, cabeza de lista do PSOE, a maioría absoluta dos votos emitidos, resultou proclamado alcalde-presidente do concello.

Todo elo de conformidade co establecido no artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral.

### **TOMA DE POSESIÓN DO ALCALDE**

A continuación, de conformidade co artigo 18 do texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e co artigo 40.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, o secretario procede a dar lectura á fórmula de acatamento á Constitución, segundo o seguinte contido literal: «Xuro (ou prometo) pola miña conciencia e a miña honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde-presidente do Concello de Carnota, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado».

Seguidamente, o alcalde maniféstase da seguinte maneira: promete.

Realizada a promesa, D. Juan Manuel Saborido Rama procede a ocupar a presidencia da sala, quedando disolta a mesa de idade.

Posteriormente, e tras dar un discurso, o alcalde-presidente dá por rematada a sesión ás 11:15 horas, do que, como secretario, dou fe.